

Resolución de 29 de maio de 2017, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a elaboración de listas de agarda para cobertura temporal de vacantes entre os candidatos incluídos nas listas previas, da categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, pola que se convoca á realización da proba física, e se apertura o prazo para a presentación da Formación Baremable.

En sesión que tivo lugar o día 29 de maio de 2017, a comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a elaboración de listas de agarda para cobertura temporal de vacantes entre os candidatos incluídos nas listas previas resultante do período de actualización de méritos, na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.-Candidatos convocados da lista previa.

De conformidade co establecido nas Bases Específicas II (punto 1.4) e nas bases xerais (punto 2.2.1), acordou convocar ó proceso selectivo aos 15 primeiros candidatos de cada ámbito que figuran admitidos na lista previa definitiva publicada na páxina web de SEAGA mediante resolución do Director-Xerente de SEAGA de data 11 de maio de 2017, na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, maiores de 18 anos e que non excedan a idade máxima de xubilación forzosa a data da publicación das Bases Específicas II. Non obstante, de acordo co disposto no apartado 1.4 das bases específicas non procede convocar a este proceso ó persoal de SEAGA que xa ocupe temporalmente un posto de traballo na mesma ou superior categoría para a realización de traballos relacionados coa Prevención/Defensa/Extinción de incendios forestais.

Segundo.- Convocar á realización da proba física.

De acordo co disposto no apartado 2.2.1 das Bases Específicas II, é requisito imprescindible para o acceso ao posto de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, a superación dunha proba de aptitude física (Field Test) que consistirá en camiñar 3.200 metros sobre terreo plano cun peso de 11 Kg. ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos. Esta proba terá carácter eliminatorio, os candidatos que non a superen serán eliminados deste proceso selectivo, os candidatos que non se presenten serán excluídos do sistema de listas previas desta categoría profesional.

Esta Comisión de Selección acorda convocar a realización da proba física aos candidatos relacionados no Anexo I da presente resolución.

Esta proba será validada de oficio por SEAGA a aqueles candidatos que xa superasen a mesma o día 26 de abril de 2017 e que opten a unha mellora de emprego. No caso de que voluntariamente decidan realizala, non se efectuará dita validación.

Terceiro.- Data, hora e lugar para a realización da proba e desenvolvemento da mesma.

De acordo co disposto nas bases específicas II do proceso para a elaboración das listas de agarda para a cobertura temporal de vacantes de persoal na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra convocado por resolución do 12 de maio de 2017 (DOG do 22 de maio 2017), a proba física realizarase de maneira conxunta coas categorías de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Xefe de Brigada, Peón Especialista e Peón no perfil “Prevención/defensa/extinción de incendios forestais”, de acordo co disposto a continuación:

Orde de chamamento dos candidatos: alfabeticamente, comezando por aquel cuxo primeiro apelido empece pola letra “K”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Facenda do 20 de xaneiro de 2017 (DOG do 30 de xaneiro de 2017) e segundo o disposto nas bases xerais que rexen os procesos, ao tratarse dunha proba a celebrar no ano 2017.

Os candidatos serán convocados en único chamamento, sendo excluídos os que non comparezan, non sendo os casos debidamente xustificadas libremente apreciados pola comisión de selección. O prazo para a presentación de xustificantes será ata o mesmo día de celebración da proba. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións da comisión de selección neste punto.

Conforme o apartado 2.2.1 das Bases Específicas II é requisito que os participantes aporten o día da mesma, e no lugar da proba, o certificado médico oficial ou informe de saúde, firmado e selado por un colexiado en exercicio no que se faga constar que non presenta enfermidade nin discapacidade que impida a súa realización. Dito certificado haberá de ter unha antigüidade máxima de 3 meses respecto a data de realización da proba.

Será obrigatorio que os candidatos acudan á proba con zapatillas de deporte e **non estará permitido correr** durante a realización da proba. O participante que corra durante a súa realización recibirá **un único aviso**, previo á expulsión, por parte dos membros da comisión ou do persoal colaborador na proba. Se despois do aviso o participante continúa a correr será expulsado da proba.

Así mesmo, recoméndase usar roupa cómoda que facilite a transpiración, non fumar nin comer antes da realización do exercicio así como levar líquidos para hidratarse antes, durante e logo do exercicio

A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais,

ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

Non se permitirá no recinto onde se realice a proba o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico, ou calquera outro material ou instrumento. Advírtese que non haberá servizo de recollida do referido material, instrumento ou dispositivos.

Previamente ó comezo da proba farase entrega a cada participante dun cuestionario de saúde así coma dun informe de consentimento da proba. Esta documentación unha vez cumprimentada e asinada polo participante será devolta aos membros da organización.

Facilitarase a cada participante unha mochila individual debidamente pesada seguindo os requirimentos da proba.

Ao remate de cada proba entregarase a cada un dos participantes un documento xustificativo de asistencia cos parámetros individuais obtidos na mesma.

Lugar de celebración: Estadio Multiusos San Lázaro, Avda de Fernando Casas Novoa nº 20 Santiago de Compostela.

Data: 06/06/2017.

Hora: Os chamamentos serán únicos cada hora, según se reflicte no Anexo II Convocatoria Proba Física, iniciándose o primeiro chamamento ás 08:30h.

Cuarto.- Inicio do prazo presentación de documentación.

De conformidade co disposto nas Bases Específicas II apartado 1.3.2, das que rexen o proceso, acórdase a apertura do prazo de 3 días hábiles para a presentación da documentación que se relaciona no apartado 2.3 das citadas bases (Formación Baremable) contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución. O prazo de presentación finaliza o vindeiro 01 de xuño de 2017 inclusive.

Santiago de Compostela, a 29 de maio de 2017.

A Presidenta da Comisión de Selección.

Asdo.: M^a Jesús Cobas Ríos.

